



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL E TRADICIONAL DO CONCELLO DA BAÑA PARA O CURSO 2026-2027

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento da escola de música municipal e tradicional do Concello da Baña para o curso 2026-2027.

Artigo 2. Definición do programa

A Escola de Música Municipal e Tradicional é un servizo que ten a función de ampliar, desenvolver e difundir a cultura tradicional galega, así como ampliar o coñecemento e uso dos elementos do folclore musical autóctonos.

Está dirixido a toda a poboación e desenvolverase van dende o 22 de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias.

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria), os propios menores, e as persoas maiores de idade que decidan iniciar ou continuar a aprendizaxe musical.

A alta no servizo pódese solicitar cando se inicie o período de matrícula ou con posterioridade, se hai prazas vacantes.

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido na convocatoria ou a través da sede electrónica do Concello da Baña.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades:

- Acceso ao programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- O sixilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes
- Abonar o prezo público correspondente pola participación na Escola Municipal de Música Tradicional. A contía será de 80,00 euros por tempada para unha actividade e de 120,00 euros por tempada para dúas ou máis actividades, de conformidade co establecido no acordo regulador do prezo público vixente, sen prexuízo das tarifas familiares que, de ser o caso, resulten aplicables.
- O alumnado poderá optar pola tarifa especial de 30,00 euros por tempada, sempre que, no momento da inscrición, manifeste expresamente o seu compromiso de participar en catro ou máis actuacións organizadas, promovidas ou coordinadas polo Concello da Baña durante a correspondente tempada. A aplicación desta tarifa quedará condicionada á acreditación do cumprimento deste requisito mediante certificación expedida pola dirección da Escola. No caso de que, ao remate da tempada, a dirección da Escola non acredite a participación en catro ou máis actuacións, deberá aboarse a diferenza entre os 30,00 euros inicialmente satisfeitos e o importe do prezo público que corresponda, en función do número de actividades nas que estea matriculado o alumnado e das tarifas establecidas no acordo regulador vixente.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ao día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando proceda.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do menor ou a saída do usuario das instalacións na que se oferta a actividade.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.) ou piollos, ata que estes queden eliminados
- De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así como de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan o seu fillo/a, se fose o caso, ou abandonen as instalacións, no caso de usuarios/as maiores de idade.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido á poboación xeral, a partir dos 7 anos de idade.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A escola de música tradicional, oferta a súa actividade do 22 de setembro a xuño.

As especialidades ofertadas no curso 2026-2027 pola escola de música municipal e tradicional, son as seguintes:

- gaita
- pandeireta
- percusión
- canto
- solfexo, incluído con calquera das especialidades antes mencionadas.

As especialidades de gaita, pandeireta, percusión e canto impartiranse nos niveis de iniciación e perfeccionamento, segundo o nivel de coñecementos e formación do alumnado.

O número mínimo de usuarios para cada actividade será de cinco, sen prexuízo de eliminar a actividade da escola se non se chega a ese número mínimo, a excepción da especialidade de solfexo.

As clases desenvolveranse en horario de tarde, coincidindo co calendario escolar anual. Non se impartirán clases nas vacacións escolares e quedan excluídos tamén os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, nos que non se prestarán os servizos

Os horarios das distintas especialidades serán comunicados polos mestres das mesmas ós usuarios/as e ás familias, unha vez realizadas as inscricións e tendo en conta os criterios de número mínimo de usuarios

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán valores transversais como a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo promovendo o completo desenvolvemento da crianza.

Artigo 6. Inscrición

Establecerase un prazo de inscrición de 10 días hábiles; todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes de menores de idade deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do menor e presentaranse o igual que as solicitudes dos/as outros/as usuarios/as no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, se continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de partici-



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

pación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación na Escola de Música Municipal e Tradicional.

Neste último caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.

Documentación:

Esta solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- De ser o caso, o informe médico que acredite calquera tipo de tratamento especial.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co establecido no acordo regulador do prezo público polos servizos culturais e deportivos do Concello da Baña vixente. A inscrición na Escola Municipal de Música Tradicional supón a aceptación da domiciliación dos recibos, realizándose o pagamento do prezo público mediante domiciliación bancaria, con carácter trimestral.

Pagamento con base na ordenanza:

Actividade	Custo por tempada
Unha actividade	80,00 €
Dúas ou máis actividades	120,00 €
Dous membros da mesma unidade familiar, unha actividade cada un	132,00 €
Dous membros da mesma unidade familiar, con dúas ou máis actividades	177,00 €
Tres ou máis membros da mesma unidade familiar, cunha actividade cada un	160,00 €
Tres ou máis membros da mesma unidade familiar, cun dos membros en dúas ou máis actividades	201,00 €
Tarifa especial por participación en 4 ou máis actuacións	30,00 €

Tarifa especial: O alumnado poderá optar pola tarifa especial de 30,00 € por tempada, sempre que manifeste no momento da inscrición o seu compromiso de participar en catro ou máis actuacións organizadas, promovidas ou coordinadas polo Concello da Baña durante a correspondente



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

tempada. O cumprimento deste requisito deberá ser acreditado mediante certificación expedida pola dirección da Escola. No caso de non acreditar a participación nas catro ou máis actuacións, aboarase a diferenza entre os 30,00 € inicialmente satisfeitos e o importe da tarifa que corresponda segundo a modalidade de matrícula.

O importe correspondente á tempada será aboado mediante domiciliación bancaria, en tres recibos de carácter trimestral.

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições para solicitar o servizo.

- Usuarios maiores de sete anos empadroados no concello da Baña.
- Usuarios maiores de sete anos non empadroados no concello.
- Que a unidade familiar estea ao día no pagamento de todos os servizos ofertados polo Concello da Baña, e en xeral, non ter débedas co Concello, a excepción dos casos informados polos Servizos Sociais Municipais como Emerxencia Social.

Todas as inscricións presentadas fóra de prazo producirán a entrada do/a menor na listaxe de agarda correspondente a continuación das presentadas dentro do prazo.

Artigo 9. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo da Escola de Música Municipal e Tradicional.

O departamento de cultura, responsable do programa, encargarse da valoración e o deseño das características da prestación do servizo e serán os/as responsables da súa supervisión.

Polo tanto, establecerase unha coordinación periódica entre o departamento de cultura, o persoal municipal e o persoal contratado.

O servizo inclúe as accións que se relacionan a continuación e que deberán diferenciarse e adaptarse en función do alumnado.

- Incentivar no alumnado o descubrimento das súas capacidades creativas e artísticas para que poidan expresarse a través da música.
- Fomentar o coñecemento da música tradicional dende a infancia.
- Organizar actuacións públicas (concertos, audicións...). Realizar o seguimento e control da participación do alumnado nas actuacións programadas, organizadas, promovidas ou coordinadas polo Concello da Baña, nas diferentes parroquias, co obxecto de acreditar a participación en catro ou máis actuacións durante a correspondente tempada. Esta acreditación será necesaria para a aplicación da tarifa especial de 30,00 euros por tempada establecida no acordo regulador do prezo público.
- Adaptar a docencia musical ás distintas idades e capacidades.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Realizar o seguimento especial a rapazada.
- Planificar e realizar actividades lúdico-educativas.
- Manter o vínculo coas familias e informarlles así como ao Concello das incidencias que se produzan.
- Controlar as asistencia ou ausencias dos usuarios e usuarias.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos utilizados para a realización de actividades complementarias.
- Facilitarlles aos responsables municipais toda a documentación que sexa requirida para o desenvolvemento dos servizos.
- Realizar as demais funcións que se lle atribúa desde o Concello para o seu correcto funcionamento.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios.

Serán causas de baixa nos servizos:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- A solicitude de baixa por parte do usuario ou da persoa ou persoa responsable do menor.
- A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencias infraccións administrativas e/ou penais que a devandita conducta constitúa.
- A falta de pagamento das cotas establecidas na Ordenanza reguladora do prezo público.
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo as/os usuarios/as que se comporten de forma incorrecta ou cuxos responsables non respecten as normas de funcionamento do mesmo.

Artigo 11. Protección de datos.

a) Responsable do tratamento	Concello da Baña NIF: P1500700H Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): dpd@concellodabana.gal
b) Finalidade do tratamento	Xestión dos servizos, actividades e eventos educativos organizados e promovidos polo Concello da Baña.
c) Lexitimación	Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal: Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. En certas ocasións o tratamento pode estar baseado no artigo 6.1.a) do RXPd: consentimento das persoas afectadas.
d) Categoría de persoas interesadas	Persoas participantes nas actividades educativas organizadas ou promovidas polo Concello da Baña.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

e) Categoría de datos	Datos identificativos: nome e apelidos, NIF, enderezo postal, teléfono, imaxe, correo electrónico, sinatura. Número de conta.
f) Destinatarios/as	Outras administracións públicas competentes na materia. Entidades ou profesionais externos que se encarguen de impartir o obradoiro ou formación e que terán a consideración de encargado de tratamento.
g) Transferencias internacionais	Non está previsto realizar transferencias internacionais.

Artigo 12. Disposición final.

Estas bases e cantos actos administrativos deriven delas poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado.

Todo isto sen prexuízo do dereito das persoas interesadas a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.